

A woman with dark hair tied back, wearing a bright orange button-down shirt, stands against a vibrant, abstract background of blue, green, and red patterns. The image is framed by a thin white border.

NUMAX PRESENTA:

61 | XANEIRO 2023



Os esenciais de Annie Ernaux

- Proxección de **Os Anos de Super 8** (Annie Ernaux / David Ernaux-Briot) **o 5 de xaneiro**

Con motivo da proxección do documental que guionizou e dirixiu xunto ao seu fillo menor David Ernaux-Briot escollemos seis obras esenciais da Premio Nobel de Literatura de 2022. Annie Ernaux empregou a escrita como medio de auto-coñecemento falando de temas como o aborto, a vengonza de clase e a vergonza social, a adolescencia, a paixón e o amor dependente (entre outros).



El lugar
Annie Ernaux
PLANETA
1700 €



Una mujer
Annie Ernaux
CABARET VOLTAIRE
16,95 €



Los armarios vacíos
Annie Ernaux
CABARET VOLTAIRE
19,95 €




Les années
Annie Ernaux
GALLIMARD
15,95 €



Pura pasión
Annie Ernaux
CABARET VOLTAIRE
1700 €



Regreso a Yvetot
Annie Ernaux
KRK EDICIONES 16,95 €



MÉRCORES 18 DE XANEIRO ÁS 20:30H
Presentación de *Malditos spoilers* (Lunwerg Editores)
coa presenza dos autores **Alba Cantalapedra** e **Antonio Rosa**.



XOVES 26 DE XANEIRO ÁS 20:30H
Presentación do poemario
Una ausencia no es un piano
de **Cristina V. Miranda**.
Coa autora acompañada
das poetas **Samuel Merino**
(Pompa e Boato)
e **Olalla Cociña**.

NUMAX NA ESCOLA

2022/2023

**EDUCACIÓN
INFANTIL,
PRIMARIA,
SECUNDARIA
E BACHARELATO**

Proxeccións educativas para infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Unha proposta ampla e variada, con obras seleccionadas e premiadas en festivais internacionais, que agrupamos por eixos temáticos para unha doada adaptación ás necesidades curriculares do profesorado. Infórmate en escola@numax.org



Cinéma



Filme
do mes:

DECISION TO LEAVE

ESTREA 20 XAN

Park Chan-wook, 138', VOSE, KOR

Con Tang Wei, Park Hae-Il

Hae-Joon, un veterano detective, investiga a estraña morte dun home no cume dunha montaña. Axiña comeza a sospeitar de Sore, a muller do defunto, mentres a atracción que sente cara a ela o vai desestabilizando. O director de *Stoker* e *A doncela* gañou o premio a Mellor dirección en Cannes con este absorbente e sensual neo-noir.

🏆 **Mellor dirección Cannes 2022**

Estreas



 *Harvey*, Emma Cline,
ANAGRAMA, 17,90€



 *Cumbres borrascosas*, Emily
Brontë AUSTRAL, 11,95€



AO DESCUBERTO ESTREA 4 XAN

Maria Schrader, 135', VOSE, ING, +12
Con Zoe Kazan, Carey Mulligan


En 2017 dúas reporteiras do New York Times, Megan Twohey e Jodi Kantor, publicaron unha investigación xornalística sobre os abusos sexuais do famoso produtor Harvey Weinstein que desencadeou o movemento #MeToo en todo o mundo e rompeu décadas de silencio sobre as agresións sexuais en Hollywood.

 **Especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)**

EMILY ESTREA 13 XAN

Frances O'Connor, 130', VOSE, ING, +12
Con Emma Mackey, Adrian Dunbar

Emily conta a vida imaxinada dunha das autoras máis célebres da historia, Emily Brontë. A moza, que faleceu á idade de 30 anos, foi unha rebelde e inadaptada ao seu tempo e encontraría a súa voz ao escribir o clásico *Cumios borrascosos*.

 **Sección Oficial Sitges 2022**

HOLY SPIDER (ARAÑA SAGRADA) ESTREA 13 XAN

Ali Abbasi, 117', VOSE, AR
Con Zar Amir-Ebrahimi, Mehdi Bajestani

Irán, 2001. Unha xornalista mergúllase nos barrios con peor reputación da cidade santa de Mashhad para investigar unha serie de feminicidios. Os crimes son obra dun só home que asegura purificar a cidade.

 **Mellor Actriz Cannes e Sevilla 2022**

Tempada de Arte



BOTTICELLI E FLORENCIA: O NACEMENTO DA BELEZA


PASES ÚNICOS 23 E 25 XAN

Marco Pianigiani, 94', ITA, VOSE

Recuperamos os grandes mestres da pintura cunha viaxe pola obra de Botticelli exposta no museo ao aire libre que é Florencia. Un itinerario sen precedentes para descubrir o artista que inventou un novo modelo de beleza.

Especial Annie Ernaux



 *Los años*, Annie Ernaux.
Cabaret Voltaire, 21,95€

OS ANOS DE SÚPER 8

PASE ÚNICO 5 XAN

Annie Ernaux / David Ernaux-Briot, 61', VOSE, FR

A gañadora do Premio Nobel de Literatura 2022, Annie Ernaux, comparte, describe e narra na súa propia voz as gravacións familiares filmadas entre 1972 e 1981. Imaxes silentes que combinan intimidade familiar e diario de viaxes nun tempo convulso: o de Francia tras o seu Maio, Chile tras o Golpe e a Unión Soviética antes da súa disolución.

 **Quincena dos Realizadores Cannes 2022**

Os ollos verdes



CANCIÓN A UNA DAMA EN LA SOMBRA

PASES ÚNICOS 9 E 17 XAN

Carolina Astudillo, 112', VO, ESP

Con Alicia González, Padí Padilla

Tras loitar no bando republicano durante a Guerra Civil española, un home exíliase a Francia. A súa muller fica cos seus fillos agardándoo e entra a traballar nunha fábrica. El escríbelle numerosas cartas pero os anos pasan e non regresa.

 **Sección Oficial Málaga 2022**

UN CIELO IMPASIBLE

PASE ÚNICO 26 XAN

David Varela, 81', VO, ESP

Con Jimena Gómez De Diego, Paula Gordils Carrillo

Zona oeste de Madrid. Lugar onde sucedeu unha das batallas máis cruentas da Guerra Civil Española. Un grupo de adolescentes investiga, recita e debate sobre os testemuños dos soldados que loitaron durante eses terribles días.

 **Sección Oficial Xixón 2022**



 Presentación e coloquio co director

Petís NUMAX



A BELEZA DA VIDA 21-23 XAN

VV.AA, 83', VE, +6

Prepárate para viaxar ao pasado e o presente de China a través desta deliciosa obra coral composta por sete historias de animación con entrañables protagonistas: unha familia de coellos, un neno que fai os deberes no restaurante de seus pais ou unha avoa e o seu neto que viven no campo. Historias únicas de amor, crecemento e retos vitais.



TUKU E A FLOR DO HIMALAIA PASES

ÚNICOS 28-29 XAN

Arnaud Demuyne / Rémi Durin, 62', VE

Yuku é un rato que vive coa súa familia no soto dun castelo. A súa avoa transmítelle os valores familiares nos contos populares de toda a vida. Nun dos libros de contos, Yuku aprende que a flor do Himalaia pódelle traer a luz eterna, así que emprende unha viaxe co obxectivo de atopala.

🏆 **Premio Xurado Infantil Riga 2022**

Foco Jean Rouch



XAGUAR

PASE ÚNICO 3 XAN

Jean Rouch, 110', FR, VOSE, 1967

Asistimos ás aventuras de tres homes que deixan a súa terra natal, Níxer, e van na procura de fortuna a Ghana.



POUCO A POUCO

PASE ÚNICO 10 XAN

Jean Rouch, 92', FR, VOSE, 1971

En Níxer, Damouré dirixe unha sociedade de importación e exportación chamada Pouco a pouco. Planea construír un edificio e viaxa a París para ver como se fai para vivir nun piso. Alí descobre as curiosas formas de vida da tribo dos parisinos que describe en cartas que envía aos seus socios.

Paulo Rocha Esencial



OS VERDES ANOS

ESTREA 4 XAN

Paulo Rocha, 91', VOSG, PT, 1963

Con Rui Gomes, Isabel Ruth

Julio, de dezanove anos, chega a Lisboa desde o campo para vivir co seu tío Afonso e traballar de zapateiro. Axiña coñece a Ilda, una moza do servizo doméstico que visita con frecuencia o taller. Ambos comezan un romance que se ve truncado polo choque coa súa realidade cotiá.



MUDAR DE VIDA

ESTREA 16 XAN

Paulo Rocha, 94', VOSG, PT, 1966

Con Geraldo del Rey, Isabel Ruth

Un mozo regresa do estranxeiro á súa pequena vila de pescadores para descubrir que moitas cousas mudaron. Inspirado polo seu traballo con Manoel de Oliveira, Rocha traballou cos aldeáns locais e coa icónica Isabel Ruth, unha habitual de Oliveira.

i Presenta o investigador e profesor da USC Iván Villarrea



A ILLA DOS AMORES

ESTREA 24 XAN

Paulo Rocha, 169', VOSG, PT, 1982

Con Luis Miguel Cintra, Clara Joana

O filme narra a vida de Wenceslau de Morães, un oficial da mariña portuguesa do século XIX que namorou de Xapón e rematou absorbido pola súa cultura, as súas visións arredor da vida e do alén.



A ILLA DE MORAES

ESTREA 31 XAN

Paulo Rocha, 64', VOSG, PT, 1984

Con Adelaide Morães Costa, Venceslau de Couto

Retrato fascinado de Wenceslau de Morães, escritor clave do Orientalismo portugués. Afastándose do seu estilo despojado previo para volcarse a formas máis clásicas, Rocha filmou durante 14 anos entre Xapón e Portugal, baseándose nas memorias do propio Morães durante as súas catro décadas na illa.




NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**

   Síguenos en @numaxcoop